

O DIRECTOR DE OPERACIÓNS DE EROSKI ASUME A PRESIDENCIA DO COMITÉ DE LOXÍSTICA DE AECOC

- **Alberto Madariaga conta cunha experiencia de 20 anos no sector da Loxística desenvolvida en EROSKI**
- **A Asociación de Fabricantes e Distribuidores, AECOC, axunta a máis de 28.000 empresas de diferentes sectores de actividade**

Elorrio, 01 de marzo de 2018.- O director de Operacións de [EROSKI](#), Alberto Madariaga, asume a presidencia do Comité de Loxística de [AECOC](#) (Asociación de Fabricantes e Distribuidores), que ten como misión promover e coordinar acordos entre provedores, distribuidores, operadores loxísticos e transportistas que comporten eficiencias ao longo da cadea de subministración con achega de maior valor ao consumidor.

Licenciado en Económicas e Empresariais pola Universidade de Deusto, Máster en Administración de Empresas de Distribución pola Mondragon Unibertsitatea e Programa de Dirección en Instituto de Empresa, Alberto Madariaga conta cunha experiencia de 20 anos no sector da Loxística e de 17 como directivo dende que no 2001 asumiu a dirección de Subministracións de Frescos de EROSKI. Dende aquela, o seu desempeño sempre estivo ligado á loxística e aos procesos. Concretamente, na cooperativa, á que se incorporou en 1996, desenvolveu as funcións de director de Plataformas, director de Loxística, director de Procesos de Negocio e Tecnoloxías da Información e actualmente é director de Operacións. Alberto Madariaga é membro do Comité de Loxística de AECOC dende o 2007.

AECOC axunta a máis de 28.000 empresas de diferentes sectores de actividade, o que a converte nunha das maiores asociacións empresariais de España, na que a industria, a distribución e os operadores intermedios traballan en estreita colaboración. A súa área de Loxística e Transporte traballa no impulso de recomendacións que axuden as empresas a melloraren as súas operativas de transporte e almacenaxe e mais no desenvolvemento de proxectos que contribúan a impulsar en España un transporte de mercadorías máis eficiente e sostible.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)